

**ASOCIACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL DE
FAMILIARES, AMIGOS Y ENFERMOS MENTALES**

María Emilia Varela Artusio

Notifica.gal

Asunto: Resolución de inscripción da xunta directiva.

Con data 3 de novembro de 2021 recibíuse a solicitude de inscrición da modificación da xunta directiva, formulada por Víctor Brea Terceiro en nome e representación da **ASOCIACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL DE FAMILIARES, AMIGOS Y ENFERMOS MENTALES**, inscrita no rexistro provincial de asociacións de pontevedra, co núm. **1990/2043-1**, e tendo en conta os seguintes feitos:

Único. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data 10 de setembro de 2021, na que consta a identidade das persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

PRESIDENTA	JOSEFA DOLORES GALLEGO NOGUEIRA
SECRETARIA	ANA VIDAL ORTIGUEIRA
TESOUREIRO	JESÚS LÓPEZ GARCÍA
VOGAL	AMELIA VARELA ARTUSIO
VOGAL	JOSEFA DIOS IGLESIAS
VOGAL	JOSE TREVIÑO GARCÍA
VOGAL	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ NAVARRETE
VOGAL	SAGRARIO ARANGUNDE SANTOS

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.



Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Xefatura Territorial é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir as persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da **ASOCIACIÓN PRO LAR SALUD MENTAL DE FAMILIARES, AMIGOS Y ENFERMOS MENTALES** de conformidade co expresado no feito único desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da sinatura dixital
O xefe territorial
Ramón Pereiro Santín

